

## Gasto dos non residentes en Galicia. Terceiro trimestre de 2008

### NOTA DE PRENSA

#### No terceiro trimestre de 2008 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 113,1 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no terceiro trimestre de 2008 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 113,1 euros por persoa e día na nosa comunidade. O gasto total dos non residentes ascendeu a 258,7 millóns de euros, o que supón arredor 1,8% do Produto Interior Bruto trimestral a prezos correntes de Galicia. As maiores partidas de gasto destináronse ao aloxamento (37,1% do total de gasto) e a restaurantes (33,9%).

#### Gasto dos non residentes segundo o concepto de gasto. Galicia. Terceiro trimestre de 2008

Concepto	Gasto total (miles de euros)	Distribución porcentual do gasto (%)
<b>Total</b>	<b>258.722</b>	<b>100%</b>
Aloxamento	95.909	37,1%
Restaurantes	87.601	33,9%
Agasallos	33.166	12,8%
Desprazamentos	18.107	7,0%
Paquete turístico	10.812	4,2%
Ocio	7.337	2,8%
Comida comercios	5.096	2,0%
Outros	694	0,2%

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

#### Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia de Pontevedra gastaron 122,3 millóns de euros, o que supón o 47,3% do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados na Coruña que contribuíron co 40,2% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia da Coruña (118,8 euros) e o máis baixo en Lugo (98,5 euros).

**Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Terceiro trimestre de 2008**

Provincia do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
<b>Galicia</b>	<b>258.722</b>	100,0	<b>113,1</b>
A Coruña	104.067	40,2	118,8
Lugo	22.599	8,7	98,5
Ourense	9.798	3,8	103,5
Pontevedra	122.258	47,3	112,3

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

**Datos por categoría**

O 34,8% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 1 e 2 estrelas. Os establecementos de 4 estrelas supoñen o 32,8%, os de 3 estrelas o 25,2% e o 7,2% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (196,2 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 88,2 euros.

**Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Terceiro trimestre de 2008**

Categoría do establecemento	Gasto total		Gasto diario medio por persoa (euros)
	Miles de euros	Distribución porcentual (%)	
<b>Total</b>	<b>258.722</b>	100,0	<b>113,1</b>
1 e 2 estrelas	90.085	34,8	88,2
3 estrelas	65.126	25,2	112,3
4 estrelas	84.970	32,8	143,5
5 estrelas	18.542	7,2	196,2

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_turismo\\_gasto\\_non\\_residentes\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

31 de outubro de 2008

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>